

A ENERXÍA

Todo o que ocorre ao noso arredor funciona con enerxía. O sol aporta luz e calor a todos os seres vivos, os vehículos móvense gracias ao combustible dos seus depósitos, e a electricidade fai funcionar infinidade de electrodomésticos. Incluso os nosos corpos consumen enerxía en forma de alimento. Con ela podemos correr, xogar, ler ou traballar.

A enerxía, por outro lado, ten un papel fundamental no desenvolvemento social e tecnolóxico do ser humano. O seu aproveitamento, utilizando tecnoloxías cada vez máis desenvoltas, permitiu que a nosa vida sexa máis cómoda e agradable.

Escribe (V) verdadeiro ou (F) falso nas seguintes afirmacións	V	F
Todo o que ocorre o noso arredor funciona con electricidade.		
O ser humano gasta enerxía en forma de comida e bebida.		
O aproveitamento da enerxía fixo a vida dos seres humanos máis complicada.		

É moi importante que lembres que a enerxía nin se crea, nin se destrúe, so se transforma. Agora vas ler varios exemplos:

- Que enerxía fai que as plantas medren?
- En que se transforma a enerxía mecánica das túas pernas ao mover os pedais dunha bicicleta?
- En que se transforma a enerxía calórica dun bocadillo?
- En que se transforma a batería dun teléfono móbil?
- En que se transforma a enerxía do vento nun barco de vela?

"La energía ni se crea ni se destruye,
sólo se transforma"

Antoine de Lavoisier

Para seguir entendendo a enerxía imos ver uns vídeos duns experimentos. Observa con atención e contesta as preguntas:

Experimento 1: Enerxía elástica

<https://www.youtube.com/watch?v=7QoiL-Sua84>

Materiais usados:

Explicación do experimento: (Escolle a opción correcta)

1: Se incrustamos unha bombilla de baixo consumo nunha mazá, xunto con dous imáns de neodímio aos lados da mazá, podemos conseguir que a bombilla acenda.

2: Se construímos un carro facendo un eixo de cartón e rodas (cuns Cds) podemos xerar enerxía elástica nun extremo, con dúas gomas e un palillo, provocando movemento.

3: Cun imán dentro dunha xeringa, arredor da cal facemos unha bobina con dous leds nos extremos, cando axitamos a xeringa, o movemento do imán produce electricidade, acendendo os leds

Cal é a transformación?:

Experimento 2: Enerxía mecánica

<https://www.youtube.com/watch?v=C6I9vXEaoaM>

Materiais usados:

Explicación do experimento: (Escolle a opción correcta)

1: Se incrustamos unha bombilla de baixo consumo nunha mazá, xunto con dous imáns de neodímio aos lados da mazá, podemos conseguir que a bombilla acenda.

2: Se construímos un carro facendo un eixo de cartón e rodas (cuns Cds) podemos xerar enerxía elástica nun extremo, con dúas gomas e un palillo, provocando movemento.

3: Cun imán dentro dunha xeringa, arredor da cal facemos unha bobina con dous leds nos extremos, cando axitamos a xeringa, o movemento do imán produce electricidade, acendendo os leds

Cal é a transformación?:

Experimento 3: Enerxía eléctrica

<https://www.youtube.com/watch?v=Acg6F0AWuvo>

Materiais usados:


Explicación do experimento: (Escolle a opción correcta)


1: Se incrustamos unha bombilla de baixo consumo nunha mazá, xunto con dous imáns de neodímio aos lados da mazá, podemos conseguir que a bombilla acenda.

2: Se construímos un carro facendo un eixo de cartón e rodas (cuns Cds) podemos xerar enerxía elástica nun extremo, con dúas gomas e un palillo, provocando movemento.

3: Cun imán dentro dunha xeringa, arredor da cal facemos unha bobina con dous leds nos extremos, cando axitamos a xeringa, o movemento do imán produce electricidade, acendendo os leds

Cal é a transformación?:





Busca las palabras en la sopa de letras


G	S	J	H	O	E	C	M	E	C	A	N	I	C	A
X	F	Z	Ñ	L	H	M	J	Ñ	Ñ	S	R	G	K	V
E	Q	C	A	L	O	R	I	C	A	H	Q	Z	B	Y
Y	Q	Y	E	R	E	L	E	C	T	R	I	C	A	H
L	U	G	L	Ñ	E	Q	N	R	C	U	E	L	J	R
D	I	A	Y	N	W	C	E	D	S	E	F	Q	D	D
V	M	U	K	H	B	V	U	F	M	I	X	Ñ	C	B
Z	I	L	L	S	C	M	Q	P	J	T	U	N	N	Y
R	C	D	U	C	U	Z	W	F	G	Y	A	A	E	N
I	A	C	B	M	L	S	D	A	V	W	D	I	Ñ	S
Q	H	N	D	U	I	O	M	U	X	Ñ	P	W	L	U
D	K	V	D	Ñ	I	N	M	P	K	X	T	K	T	Q
Ñ	B	E	G	R	M	O	O	T	V	G	G	Q	E	T
G	B	F	A	E	O	R	W	S	I	C	E	U	S	O
R	M	Z	L	D	N	A	N	I	A	S	F	T	N	A

TEMA

Tipos de energía



Encuentra estas palabras

- MECANICA
- CALORICA
- LUMINOSA
- QUIMICA
- ELECTRICA
- SONORA



FONTES DE ENERXÍA

As fontes de enerxía poden ser renovables (que non se esgotan) ou non renovables (están en cantidades limitadas e poderían chegar a esgotarse).



Coloca as diferentes fontes de enerxía no seu lugar:

	RENOVABLES	NON RENOVABLES
petróleo		
sol		
gas natural		
carbón		
auga		
vento		
comida		
mareas		

A enerxía eléctrica é a que máis usamos. É moi importante que fagamos un uso responsable dela. Mira este vídeo e responde ás preguntas:

<https://www.youtube.com/watch?v=xE6pPolatMo>

Cales son as 5 R?

R: Separar o lixo segundo o seu tipo para transformalo novamente...

R: Consumir menos recursos, sobre todo os non renovables...

R: Darlle unha segunda vida a obxectos ou recursos...

R: Aproveitar ao máximo aquilo que normalmente refugábamos...

R: Arranxar os obxectos ou máquinas avariados...

Agora mira este outro e contesta:

<https://www.youtube.com/watch?v=0IYozXSfHDs>

Qué é o efecto invernadero?

Autoavaliación como consumidor responsable:

COR VERMELLA (NUNCA) COR AMARELA (A VECES) -COR VERDE (SEMPRE)

Apago todos os aparatos eléctricos ó saír da casa.



Durmo coa televisión acendida.



Apago a televisión co mando a distancia.



Teño bombillas LED o de baixo consumo na casa.



Xogo moitas horas ao ordenador.



Apago as luces das habitacións cando salgo.

